

XI Concurso de Poesía

“SENTIR EN GALEGO”

CATEGORÍAS

CATEGORÍA INFANTIL

Participación grupal coa supervisión dos titores. Agasallo de Participación.

CATEGORÍA A (1º e 2º de Educación Primaria)

Participación individual. Cada neno/a pode presentar un poema (mínimo 4 versos, máximo 12 versos).

CATEGORÍA B (3º e 4º de Educación Primaria)

Participación individual. Cada neno/a pode presentar un poema (mínimo 8 versos, máximo 18 versos).

CATEGORÍA C (5º e 6º de Educación Primaria)

Participación individual. Cada neno/a pode presentar un poema (mínimo 12 versos, máximo 20 versos).

CATEGORÍA D (1º e 2º de ESO)

Participación individual. Cada neno/a pode presentar un poema (mínimo 16 versos, máximo 32 versos).

CATEGORÍA E (3º e 4º de ESO)

Participación individual. Cada neno/a pode presentar un poema (mínimo 20 versos, máximo 40 versos).


TEMÁTICA

Para todas as categorías, a temática é os entroido, os Xenerais do Ulla.

FORMATO

•O nome completo (nome e apelidos) e o curso do/a participante deberán figurar no reverso do traballo presentado.

- O idioma empregado debe ser o galego.
- Os traballos poderán ser realizados a man ou a ordenador (folio en posición vertical).
- Só se admitirán textos escritos a lapis na categoría infantil.
- Poden incluír imaxes.
- Cada poema debe ter "título".
- Valorarase a orixinalidade, a boa presentación e a corrección lingüística e ortográfica (non se admitirán poemas que teñan faltas de ortografía).
- O xurado poderá declarar deserto algún dos premios se considera que non teñen unha mínima calidade.



PRAZO DE PRESENTACIÓN

A data límite de presentación será o venres 3 de maio de 2019 . Os traballos entregaranse ós/ás titores/-as; unha vez rematado o prazo de presentación, os/as titores/-as entregarán o material recollido a Esther (Ed. Primaria) ou Ana (Ed. Secundaria) que farán chegar os poemas e os relatos curtos presentados a concurso ao xurado encargado de valoralos.

PREMIOS

A entrega de premios terá lugar na Semana Cultural do CPI. Haberá dous premios por categoría (Categorías A, B, C, D e E): 1º premio: Tarxeta regalo por valor de 25 € e diploma de participación. 2º premio: Tarxeta regalo por valor de 15 € e diploma de participación.

EXPOSICIÓN

Os traballos premiados serán publicados na páxina web do centro.